



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 14 DE ABRIL DE 2015

SRES. ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Manuel Corzo Macías

Concelleiros

Grupo Popular

D. Manuel Rey Rionegro
D. Joaquín Álvarez Carballo
Dna. Matilde Domínguez Vega
D. Manuel Blanco Salgado

Grupo Socialista

D. Silverio Fernández Fernández
D. Magín Fernández Fernández
D. Alberto Vázquez Rodríguez

Concelleiros ausentes

D. Dario Carracedo Vidueira

Secretaria-interventora

Dna. Carmen Sotelo Casado

Sendo as dez horas e trinta e cinco minutos, no Salón de Plenos da Casa Consistorial reúnen os concelleiros arriba expresados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Manuel Corzo Macías, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno Municipal a cal se efectúa en primeira convocatoria asistidos pola secretaria da corporación para tratar os asuntos que integran a orde do día

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 02 DE FEBREIRO DE 2015.-

Non producíndose intervencións, o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor da aprobación da acta todos os concelleiros presentes.

Como consecuencia da votación anterior a acta da sesión de 2 de febreiro de 2015 queda **aprobada por unanimidade dos presentes.**



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 14 DE ABRIL DE 2015

2.- DACIÓN DE CONTAS DE DECRETOS DE ALCALDÍA.-

RELACIÓN DE DECRETOS DE ALCALDÍA PARA DAR CONTA NO PLENO DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2015

DATA	DECRETOS DE SECRETARIA
12/12/2014	LCA. OBRA D. ROBERTO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, ACOMETIDA AUGA CTRA. O BOLO-CELAVENTE
12/01/2015	APROBACIÓN PADRÓN AUGA 4º TRIMESTRE 2015, POR IMPORTE DE 2.851,20 EUROS
12/01/2015	INICIACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO LIMPEZA EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
12/01/2015	APROBACIÓN PLIEGOS CONTRATO SERVIZO LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS
26/01/2015	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 02/02/2015
28/01/2015	ADHESIÓN PROGRAMA PROVINCIAL SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS (ACCIÓN 2)
02/02/2015	NOMEAMENTO MEMBRO XUNTA GOBERNO LOCAL E 3º TENIENTE DE ALCALDE
05/02/2015	APROBACIÓN PROXECTO SUBVENCIÓN PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA
06/02/2015	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA GOBERNO LOCAL O 09/02/2015
12/02/2015	CAMBIO TITULARIDADE RECIBO LIXO DNA. CAROLINA DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ
13/02/2015	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
16/02/2015	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2014-2015
23/02/2015	APROBACIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO "PROGRAMA PARA A MOCIDADE DE VIANA DO BOLO, O BOLO E A VEIGA
26/02/2015	APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS, DATA PRIMEIRO EXERCICIO E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL OPOSICIÓN PRAZA ADMINISTRATIVO DE ADMON. XERAL
27/02/2015	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA GOBERNO LOCAL O 3 DE MARZO DE 2015
02/03/2015	ADXUDICACIÓN CONTRATO A BASALO CONSTRUCCIONES, S.L. DA REDE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO EN CELEIRÓS
09/03/2015	CAMBIO TITULARIDADE RECIBO LIXO DNA. TERESA GÓMEZ GONZÁLEZ
16/03/2015	LICENCIA OBRA UNION FENOSA NO NÚCLEO DE VILASECO
19/03/2015	CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBO LIXO D. VICENTE SABÍN FERNÁNDEZ
23/03/2015	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS O DÍA 26/03/2015
24/03/2015	APROBACIÓN FACTURA Nº F-V/29 DE 24 DE MARZO 2015 POR IMPORTE DE 13.031,70 EURO
26/03/2015	VINCULACIÓN NOMINAL SUBVENCIÓN PERCEPTORES DA RISGA
31/03/2015	AUTORIZACIÓN FESTA EN CABELA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2015
01/04/2015	CAMBIO DE TITULARIDAD RECIBO LIXO D. ARMANDO RODRÍGUEZ PÉREZ
06/04/2015	BAIXA RECIBO LIXO DNA. MARÍA MIRANDA GONZÁLEZ



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 14 DE ABRIL DE 2015

RELACIÓN DE DECRETOS DE ALCALDÍA PARA DAR CONTA NO PLENO DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2015

DATA	DECRETOS DE INTERVENCIÓN
16/01/2015	DI 06/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 20.461,11 euros
19/01/2015	DI 07/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 8.243,31 euros
22/01/2015	DI 08/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 7,95 euros
23/01/2015	DI 09/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 3.815,48 euros
29/01/2015	DI 10/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 8.170,22 euros
30/01/2015	DI 11/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 240,47 euros
02/02/2015	DI 12/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 114,42 euros
03/02/2015	DI 13/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 22.234 euros
05/02/2015	DI 14/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 625,97 euros
09/02/2015	DI 15/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 520,70 euros
19/02/2015	DI 16/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 363,19 euros
23/02/2015	DI 17/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 3.815,48 euros
26/02/2015	DI 18/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 5,40 euros
27/02/2015	DI 19/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 7.028,01 euros
02/03/2015	DI 20/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 30.212,43 euros
05/03/2015	DI 21/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 34,50 euros
06/03/2015	DI 22/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 299,21 euros
12/03/2015	DI 23/2015 RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 55,41 euros

Non producíndose intervencións os presentes quedan enterados.

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014.-

Os presentes **quedan enterados** do Decreto de Alcaldía de data 04 de febreiro de 2015, de liquidación do orzamento do exercicio 2014, cuxas determinacións son as seguintes:

a.- Fondos líquidos	479.341,71
b.- Dereitos pendentes de cobro	649.687,17
c.-Obrigas pendentes de pago	119.263,71
d.- Remanente de tesourería total	1.009.765,17
e.- Saldos de dudoso cobro	525.775,27
f.-.- Remanente de tesorería para gastos generales	483.989,90



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 14 DE ABRIL DE 2015

4.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 3 DE MARZO DE 2015, DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS.-

D. Silverio Fernández Fernández, voceiro do Grupo Municipal Socialista, pregunta cal será o custo para a poboación, sendo informado que será dun euro por habitante e ano, contestando o Sr. Fernández que propón ao seu Grupo absterse na votación.

Non producíndose máis intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación votando a favor os cinco concelleiros do Grupo Municipal Popular e absténdose os tres concelleiros do Grupo Municipal Socialista.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno da Corporación **aproba por maioría:**

Primeiro.- Adherirse, en todos os seus termos, ao Convenio marco de cooperación coa Deputación Provincial de Ourense para a ordenación e xestión, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de animais abandonados.

Segundo.- Remitir copia deste acordo á Deputación Provincial de Ourense .

5.- ACORDO SOBRE O MANTEMENTO DOS SERVIZOS REXISTRAIS NO ÁMBITO MUNICIPAL.-

Dase conta da proposta que se presenta ao Pleno da Corporación:

Este concello expresa a súa preocupación pola consecuencia que para os seus veciños pode ter a próxima supresión dos actuais Rexistros Cívís coa definitiva entrada en vigor da Lei 20/2011, de 11 de xullo, do Rexistro Civil.

Esta previsión legal obrigará aos cidadáns, ao marxe do lugar onde residan, a desprazarse aos escasos Rexistros Mercantís existentes en Galicia ou ás futuras oficinas xerais do rexistro Civil, cuxo emprazamento ignórase (probablemente nas capitais provinciais, segundo prevé o Proxecto de Lei de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil). Ademais Galicia conta cunha poboación notablemente avellentada e dispersa en máis de 30.000 núcleos de poboación, a metade de todos os existentes en España, sen que moitos deles contén actualmente coa tecnoloxía necesaria para implantar a prevista plataforma electrónica.

Por estas circunstancias este Concello esixe o mantemento dos servizos e funcións rexistrais cívís no ámbito municipal máis próximo, encomendándose os mesmos aos Xulgados de Paz, elo sen prexuízo de considerar, en atención á nova natureza administrativa do Rexistro Civil, e para os municipios sen Xulgado de Paz, a colaboración ou participación municipal, co conseguinte financiamento que establece a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, no desempeño destas funcións rexistrais máis alá das previsións actualmente recollidas no artigo 22.2 da Lei 20/2011 e na liña xa existente en países do noso entorno tales como Francia e Italia.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 14 DE ABRIL DE 2015

Por todo o anterior exposto, esta Alcaldía, no uso das funcións que lle confire a normativa vixente

PROPÓN AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a proposta anterior e esixir o mantemento do servizo de Rexistro Civil nos Xulgados de todos os concellos para garantir os dereitos da cidadanía a un servizo universal, público e gratuito.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Non producíndose intervencións, o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor todos os concelleiros presentes

Como consecuencia da votación anterior o Pleno da Corporación **aproba por unanimidade:**

Primeiro.- Aprobar a proposta anterior e esixir o mantemento do servizo de Rexistro Civil nos Xulgados de todos os concellos para garantir os dereitos da cidadanía a un servizo universal, público e gratuito.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

6.- MOCIÓNS.-

Non houbo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

D. Silverio Fernández Fernández, pregunta por unha factura dunha obra nun camiño veciñal das Ermitas na que consta formigón, limpeza e man de obra por importe de 10.710 euros, e quere saber os metros cúbicos de formigón, o espesor e os metros lineais, e di que a factura é impresentable e pregunta se se pagou sen reparos; contestando a Secretaria que non houbo reparo.

Di que en Buxán hai fincas sen acceso e quere saber se se van facer os accesos ou non.

D. Magín Fernández Fernández manifesta que nunca se dixo que os calendarios custaran 6.000 euros, pero si que se fixeran nunha empresa de Ribadavia e que se pagaron 4.000 euros e que este ano pagouse a metade, e pregunta por que custaron tanto.

O Sr. Alcalde di aos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista que estiveron a intentar 4 anos collelo e non o fixeron e que serán os veciños os que voten, manifestando D. Silverio Fernández Fernández que non se lles presione, dicíndolle o Sr. Alcalde que só viño a contar mentiras e a chamalo burro; contestando o Sr. Fernández que mentiras non dixo ningunha e que non sabe nin



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 14 DE ABRIL DE 2015

falar; dicindo o Sr. Alcalde que se hai algún problema vaian a Trives, contestando o Sr. Fernández que o de Trives aínda está por facer.

A continuación toma a palabra D. Magín Fernández Fernández dicindo que non se lle contesta á pregunta do Pleno anterior sobre o Plan E e que é a terceira vez que o pide; contestando o Sr. Alcalde que xa se lle explicou moitas veces.

O Sr. Fernández di que na Festa da Vitela de 2011 e 2014 hai practicamente os mesmos ingresos pero moitos máis gastos na de 2011 e pregunta por que; contestando o Sr. Alcalde que todo custa e hai que pagalo e o que queren é que non se faga a Festa da Vitela.

D. Silverio Fernández Fernández di que o seu labor é fiscalizar e que non se contestan as preguntas que fan.

Sobre a factura dunha obra nun camiño veciñal das Ermitas, o Sr. Alcalde di que pon a cantidade de formigón e que el sabe os metros que botou, pedindo D. Magín Fernández que conste en acta esta afirmación e di que non se dubida do que botaron pero que na factura non o pon.

D. Magín Fernández pide que a factura se presente no Pleno e el mesmo baixa a recollela, e unha vez presentada, a secretaria procede á lectura da factura onde pon: Concepto Obra: Camiño veciñal de As Ermitas, Formigón botado con limpeza e man de obra incluído, cantidade 595,00, prezo 18,00, total 10.710,00; un tubo de pvc, cantidade 1,00, prezo 60,00, total 60,00; dicindo a secretaria que na cantidade non pon metros cúbicos pero que se supón.

Sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do día do seu comezo, do que como Secretaria dou fe.